


ENQUISAS

Debido a problemas de tradución o que na listaxe de actividades chama “enquisa” só é unha enquisa prefixada sobre medios técnicos e nela non podemos facer gran cousa, a que nos interesa é **QUESTIONNARIE**.



Unha vez creada a “enquisa-cuestionario”, podemos deixar por defecto todo o que está marcado, agás o de que sexa visible, para amosala aos estudantes canto a teñamos rematada.

Introducimos cada pregunta individualmente e abrese o menú coas distintas opcións (as máis habituais: Check Boxes, Date, Text Box e Yes/No).

- **Check boxes:** Facer nós as respostas (si/non por exemplo) e que eles só teñan que pinchar nelas.
- **Date:** Para fixar datas.
- **Yes/No:** Información directa e clara
- **Text box:** Que poidan escribir a resposta que eles queiran.

A maior vantaxe é que cando nós como profesores imos a ver a enquisa, podemos ver o que puxo cada un deles, unha estatística ou un resumo que se pode descargar (sae nun arquivo txt pero que se pode abrir co CALC) e que se ben non é perfecto, sí que serve para axilizar MOITO as enquisas.